

SINFONÍA DO EFÉMERO

Desexaría unha atmosfera eterna de matices que me envolveran como o abrazo dunha nai cando te encontras no colo do abismo. Quero atopar refuxio nas notas eternas que recorren a miña pel nun intento desesperado de manterme en pé, intentando non caer, aínda que os ventos que aflixen o meu corazón pidan todo o contrario. Porque estas melodías fan que cada nota chegue ata o máis intrínseco da miña alma deixando unha pegada de lume. Aínda non tiña idea de como unha secuencia de ritmos cun tempo limitado podía contar os segredos máis profundos que se encontraban no meu interior. Sigo escoitando, cos cascos pegados as miñas orellas, mentras observo o exterior. A chuvia cae polas ventás deixando gotas que esvaran ao longo do eterno cristal, nunha carreira que, aínda que elas non o saben, faraias desaparecer. A música segue sen descanso, outra canción, o primeiro son, advertencia dos futuros acontecementos. Non me fixo falta escoitar máis que ese acorde para saber que as sensacións que o seguirían virían tintadas da cor na que se encontraba a miña vida nese momento. Comezou a soar, xa a escoitara millóns de veces, era increíble como podía facerme sentir cousas totalmente diferentes cada vez que chegaba a miña cabeza. Aparece a primeira melodía, explosión de sensacións que chega aos meus oídos, as primeiras bágoas comezan a emerxer dos meus ollos, como auga na fonte da verdade. “With or without you”, repítese sen descanso como un golpe de timbais que chama á parte racional da miña cabeza a reaccionar, a darse conta. Porque eu non cheguei á praia despois da tormenta, aínda non, aínda non podía vivir sen el. A pesar de que seguramente, non podía vivir sen min. Necesítábame, pero necesitaba a parte de min que marchou, marchou en busca dun amor que lle viña grande. Nunca debín intentar atopar príncipes, cando eu nunca quixen ser princesa, e cando el, tristemente, afogábase dentro dun vaso de Xenebra. Xa estaba cansa, non podía intentar que seguira funcionando aquela máquina de atrocidades na que me convertira cando estaba con el. Non valía a pena aquel “quérote”, que duraba un efémero segundo, que sabía a pouco, que deixaba o mel nuns beizos que despois sempre estaban amargos. Porque era eu, a que me ía, íame lonxe, porque non soportaba vivir naquela realidade infeliz. Xa non quería estar, xa non debía estar. Collín o móbil e escribín unha curta mensaxe: “Adiós Fer. Dinme conta de que poido vivir con, ou sen ti”. Porque tiña que vivir sen el, para non perderme a min. Aínda me quedaba algo de amor . Era hora de quererme por unha vez na miña vida. Amarme como ningún home puido facer ao longo dos anos que pasaron, como se unha máquina do tempo acelerara os días que xa non me quedaban. Os que desgantara en personas que só souberan cravarme unha coroa de espiñas que chegaba ata a parte máis exenta do meu cerebro, cambiando os principios que tanto me costara alcanzar. Sentíame liberada, por poder desprenderme da carraxe que anegara a miña vida dende fai anos. Por fin podía comezar a ser eu.